

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2020-2021

LINGUA GALEGA E LITERATURA

**Departamento de Lingua galega e literatura
IES “Marco do Camballón” (Vila de Cruces)**

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

| | |
|---|-----------|
| 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..... | 4 |
| 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE..... | 4 |
| 2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE..... | 14 |
| 2.1 PRIMEIRO DE ESO..... | 14 |
| 2.1.1 Temporalización | 15 |
| 2.1.1Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 16 |
| 2.2 SEGUNDO DE ESO..... | 25 |
| 2.2.1Temporalización | 25 |
| 2.2.2Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 25 |
| 2.3 TERCEIRO DE ESO..... | 34 |
| 2.3.1Temporalización | 34 |
| 2.3.2Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 35 |
| 2.4 CUARTO DE ESO..... | 45 |
| 2.4.1Temporalización | 45 |
| 2.4.2Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 46 |
| 2.5 PRIMEIRO DE BACHARELATO..... | 58 |
| 2.5.1Temporalización | 58 |
| 2.5.2Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 59 |
| 2.6 SEGUNDO DE BACHARELATO..... | 66 |
| 2.6.1Temporalización | 66 |
| 2.6.2Grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación | 67 |
| 3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA..... | 74 |
| 4. MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR..... | 75 |
| 5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO | 75 |
| 5.1 ESO..... | 75 |
| 6.1.1 Primeiro de ESO..... | 76 |

| | |
|--|------------|
| 6.1.2 Segundo de ESO..... | 81 |
| 6.1.3 Terceiro de ESO..... | 84 |
| 6.1.4 Cuarto de ESO..... | 87 |
| 6.2 BACHARELATO..... | 89 |
| 6.2.1 Primeiro de Bacharelato..... | 90 |
| 6.2.2 Segundo de Bacharelato..... | 91 |
| 6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE..... | 93 |
| 7. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES..... | 94 |
| 8. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO..... | 94 |
| 9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS | 94 |
| 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 95 |
| 11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN..... | 95 |
| 12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO | 95 |
| 13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA | 96 |
| 14. ANEXO I. APARTADOS DERIVADOS DAS INSTRUCIÓN DO 30 DE XULLO DE 2020-2021..... | 104 |

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Da entrada en vigor da LOMCE deriva un novo currículo de Lingua galega e literatura que se estableceu no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, mentres que na Resolución do 27 de xullo de 2015 pola que se ditan instrucións para o curso académico 2015/16, no seu capítulo V, indícanse cales deben ser os elementos mínimos que deben conter as programacións didácticas.

O IES “Marco do Camballón” está situado no núcleo urbano de Vila de Cruces, pero o seu contorno é eminentemente rural e dun nivel socioeconómico medio-baixo. Neste centro impártense ensinanzas de ESO, bacharelato, un CM de Soldadura e Caldeirería, un CM de Atención a persoas en situación de dependencia e Formación Profesional Básica.

A nivel lingüístico, a maioría do alumnado é galegofalante habitual e presenta un alto dominio da lingua oral informal. Fronte á boa competencia oral para usos informais, conséntase que os usos formais, tanto a nivel oral como escrito, presentan bastantes carencias. Ademais disto, aínda que a actitude xeral cara á lingua galega é positiva, detéctase a pervivencia dalgúns prexuízos en relación co seu emprego e a súa utilidade.

Para o curso 2020-21 o IES “Marco do Camballón” conta con dous membros no Departamento que imparten as materias de Lingua galega e literatura tanto en ESO coma en bacharelato, Portugués como Segunda lingua estranxeira en 1º e 4º de ESO e, por quinto ano consecutivo, Regueifa e Improvisación Oral en Verso (RIOV), optativa de libre configuración do centro en 2º de ESO.

A docencia deste ano académico está distribuída do seguinte xeito:

- Xosé Luís González Sende: Lingua galega e literatura en , 2º de ESO (dous grupos) , 3º de ESO, 2º de bacharelato (un grupo); RIOV en 2º ESO (un grupo) e Portugués en 4º ESO.
- Eladia Diéguez Vázquez: Lingua galega e literatura en 1º de ESO, (dous grupos) 4º ESO galego, 1º de bacharelato. Portugués 1ºESO.

Neste documento desenvólvese a programación para a materia de Lingua galega e literatura, mentres que a de Portugués, RIOV, figuran en arquivos á parte.

Neste curso trataremos de aplicar na práctica as decisións adoptadas a nivel de centro para traballar as competencias, sobre as que levamos varios cursos traballando. Ademais, este curso continúaase no centro o programa E-Dixgal en 1º de ESO e 2º ESO e o programa en liña de Cotovía.org, ao que este departamento se sumou hai xa tres anos. Por outra banda, e visto o novo escenario de ensino que estamos a vivir desde o último trimestre do curso 2019-20 e co novo curso 2020-21 incrementaremos notablemente o uso das TIC en todos os niveis educativos. Emprego do Classroom na ESO e 1º Bach e da Aula virtual en 2º bach.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. As determinadas no currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato para Galicia son: Comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), Competencia dixital (CD), Aprender a aprender (CAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No noso centro levamos dous cursos traballando as competencias clave e acordamos na CCP e no claustro a porcentaxe coa que cada materia vai contribuír en cada nivel na cualificación final (ver táboas máis adiante). No propio currículo, xa se inclúen en cada materia referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. No caso da materia de Lingua galega e literatura é a **CCL** a que predomina claramente. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo e metacognitivo.

Non obstante, tamén traballaremos e avaliaremos o resto de competencias, agás CMCCT; con todo, para facilitar a aplicación do currículo dado o elevado número de estándares que contén, decidimos concretar no noso perfil de área con que estándares imos avaliar cada competencia e fixar uns estándares mínimos, de xeito que nos quedou a seguinte distribución:

| | | | | |
|---|--------------------------------------|-------------------------------------|--|----------------------|
| 1º ESO | | | | |
| Comunicación oral= 28 estándares Comunicación escrita= 31 estándares Funcionamento da lingua= 15 estándares Lingua e sociedade= 12 estándares Educación literaria= 12 estándares TOTAL= 98 estándares | | | | |
| CAA 11 estándares (5 prioritarios) | CSC 6 estándares (2 prioritarios) | CD 7 estándares (3 prioritarios) | CCEC 10 estándares (3 prioritarios) | CCL 64 estándares |
| 2º ESO | | | | |
| Comunicación oral= 30 estándares Comunicación escrita= 36 estándares Funcionamento da lingua= 15 estándares Lingua e sociedade= 16 estándares Educación literaria= 12 estándares TOTAL= 109 estándares | | | | |
| CAA 12 estándares (6 prioritarios) | CSC 6 estándares (2 prioritarios) | CD 4 estándares (1 prioritario) | CCEC 10 estándares (5 prioritarios) | CCL 77 estándares |
| 3º ESO | | | | |
| Comunicación oral= 32 estándares Comunicación escrita= 30 estándares Funcionamento da lingua= 15 estándares Lingua e sociedade= 22 estándares Educación literaria= 13 estándares TOTAL= 112 estándares | | | | |
| CAA 9 estándares (3 prioritarios) | CSC 6 estándares (3 prioritarios) | CD 6 estándares (2 prioritarios) | CCEC 4 estándares (0 prioritarios) | CCL 87 estándares |

| | | | | |
|---|---|---------------------------------------|---|-----------------------|
| 4º ESO | | | | |
| Comunicación oral= 31 estándares | | | | |
| Comunicación escrita= 33 estándares | | | | |
| Funcionamento da lingua= 28 estándares | | | | |
| Lingua e sociedade= 26 estándares | | | | |
| Educación literaria= 13 estándares | | | | |
| TOTAL= 131 estándares | | | | |
| CAA 7 estándares (2 prioritarios) | CSC 5 estándares (2 prioritarios) | CD 5 estándares (1 prioritario) | CCEC 7 estándares (1 prioritario) | CCL 107 estándares |

A continuación especificamos cales foron os **estándares seleccionados para avaliar cada competencia** distinta da CCL por nivel (en grosa os prioritarios):

ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CSC POR NIVEIS

| |
|--|
| 1º de ESO (6 estándares) |
| 1º-LGB1.3.1 - Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). |
| 1º-LGB1.4.3 - Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. |
| 1º-LGB1.8.1 - Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. |
| 1º-LGB2.6.1 - Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios |
| 1º-LGB2.6.2 - Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas. |
| 1º-LGB3.12.1 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valoras as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

| |
|--|
| 2º de ESO (6 estándares) |
| 2º-LGB1.3.1 - Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). |
| 2º-LGB1.4.3 - Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. |
| 2º-LGB1.8.1 - Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. |
| 2º-LGB2.6.1 - Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. |
| 2º-LGB2.6.4 - Respecta as opinións dos demais. |
| 2º-LGB3.11.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valoras as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

| |
|--|
| 3º de ESO (6 estándares) |
| 3º-LGB1.2.3 - Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. |
| 3º-LGB1.5.1 - Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). |
| 3º-LGB1.7.1 - Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. |
| 3º-LGB1.7.4 - Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida. |
| 3º-LGB2.7.2 - Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. |
| 3º-LGB3.12.1 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valoras as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

| |
|---|
| 4º de ESO (5 estándares) |
| 4º-LGB1.5.2 - Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. |
| 4º-LGB1.8.2 - Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. |

| |
|--|
| 4º-LGB1.11.2 - Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. |
| 4º-LGB2.7.1 - Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. |
| 4º-LGB3.13.1 – Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valoras as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CCEC

| |
|--|
| 1º ESO (10 estándares) |
| 1º-LGB1.6.2 - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. |
| 1º-LGB1.6.3 - Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. |
| 1º-LGB4.1.1 - Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico. |
| 1º-LGB4.1.4 - Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade. |
| 1º-LGB4.6.1 - Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. |
| 1º-LGB5.6.1 - Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. |
| 1º-LGB5.7.1 - Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística. |
| 1º-LGB5.7.2 - Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios. |
| 1º-LGB5.7.3 - Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística. |
| 1º-LGB5.7.4 - Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios. |

| |
|--|
| 2º ESO (10 estándares) |
| 2º-LGB1.5.2 - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. |
| 2º-LGB1.5.3 - Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízala na súa práctica habitual. |
| 2º-LGB2.14.1 - Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. |
| 2º-LGB4.1.1 - Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. |
| 2º-LGB4.1.3 - Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. |
| 2º-LGB4.1.5 - Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. |
| 2º-LGB4.1.6 - Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. |
| 2º-LGB5.7.1 - Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. |
| 2º-LGB5.8.1 - Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. |
| 2º-LGB5.8.2 - Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. |

| |
|---|
| 3º ESO (4 estándares) |
| 3º-LGB1.6.2 - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. |
| 3º-LGB1.6.3 - Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. |
| 3º-LGB5.6.1 - Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. |
| 3º-LGB5.6.2 - Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. |

| |
|--|
| 4º ESO (7 estándares) |
| 4º-LGB1.2.3 - Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruidos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. |
| 4º-LGB1.6.2 - Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. |
| 4º-LGB1.6.3 - Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. |
| 4º-LGB2.14.1 - Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. |
| 4º-LGB4.1.1 - Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentalmente e cun discurso propio a súa postura. |

4º-LGB5.6.1 - Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

4º-LGB5.6.2 - Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

ESTÁNDARES ASOCIADOS Á CAA

1º de ESO (11 estándares)

1º-LGB1.1.2 - Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.

1º-LGB1.2.2 - Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

1º-LGB1.9.1 - Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

1º-LGB2.1.1 –Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.

1º-LGB2.1.6 - Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.

1º-LGB2.1.7 - Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

1º-LGB2.8.1 - Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

1º-LGB2.14.1 - Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.

1º-LGB2.14.2 - Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

1º-LGB3.11.1 - Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.

1º-LGB3.13.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

2º de ESO (12 estándares)

2º-LGB1.1.2 - Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.

2º-LGB1.2.2 - Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

2º-LGB1.7.1 - Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

2º-LGB1.9.1 - Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

2º-LGB2.1.1 - Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.

2º-LGB2.1.5 - Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.

2º-LGB2.1.6 - Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

2º-LGB2.5.3 - Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.

2º-LGB2.8.1 - Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.

2º-LGB3.10.1 - Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.

2º-LGB3.12.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

2º-LGB5.9.1 - Sèrvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

3º de ESO (9 estándares)

3º-LGB1.7.3 - Avalía as intervencións propias e alleas.

3º-LGB1.8.1 - Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

3º-LGB2.1.1 - Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.

3º-LGB2.1.2 - Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.

3º-LGB2.4.2 - Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.

3º-LGB2.6.1 - Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.

3º-LGB2.12.2 - Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.

3º-LGB3.13.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos

traballados en calquera das outras.

3º-LGB5.5.1 - Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.

4º de ESO (7 estándares)

4º-LGB1.9.1 - Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas.

4º-LGB1.11.1 - Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

4º-LGB1.13.1 - Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.

4º-LGB2.1.1 - Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

4º-LGB2.8.2 – Sèrvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos.

4º-LGB3.14.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

4º-LGB5.5.1 – Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

ESTÁNDARES ASOCIADOS Á COMPETENCIA DIXITAL

1º de ESO (7 estándares)

1º-LGB1.5.1 – Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

1º-LGB1.5.2 –Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.

1º-LGB2.5.1 – Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

1º-LGB2.7.3 – Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.

1º-LGB2.13.1– Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.

1º-LGB2.13.2 – Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.

1º-LGB5.8.1 – Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

2º de ESO (4 estándares)

2º-LGB1.7.2 – Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

2º-LGB2.7.2 – Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.

2º-LGB2.8.6 – Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.

2º-LGB2.13.1 – Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos.

3º de ESO (6 estándares)

3º-LGB1.10.1 – Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

3º-LGB1.10.2 –Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

3º-LGB2.13.1 – Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.

3º-LGB2.14.1 – Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.

3º-LGB4.1.6 – Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).

3º-LGB5.5.2 – Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.

4º de ESO (5 estándares)

4º-LGB1.9.5 – Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.

4º-LGB2.10.1 – Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega.

4º-LGB2.10.2 – Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc.

4º-LGB2.10.3 – Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións.

4º-LGB4.1.4 – Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).

Contribución das materias e LGL e RIOV á nota final de competencias

(aprobada polo claustro no curso 2017-18; se houberse modificacións acordadas polo claustro faríase constar nas actas do departamento)

| 1º ESO | CAA | CECC | CCL | CD | CSC |
|--|------------|-------------|------------|-----------|------------|
| Alumnado con Francés e Relixión | 9,09% | 15% | 20% | 10% | 7% |
| Alumnado con Francés e Valores éticos | 9,09% | 15% | 20% | 10% | 6% |
| Alumnado de Reforzo e Relixión | 10% | 15% | 25% | 10% | 7% |
| Alumnado de Reforzo con Valores éticos | 10% | 15% | 25% | 10% | 6% |

| 2º ESO | CAA | CECC | CCL | CD | CSC |
|--|------------|-------------|------------|-----------|------------|
| Alumnado con Francés, Relixión e Igualdade de xénero | 8,33% | 15% | 20% | 7% | 7% |
| Alumnado con Francés, Relixión e RIOV | 8,33% | 12% | 20% | 7% | 8% |
| Alumnado con Francés, Valores éticos e Igualdade de xénero | 8,33% | 15% | 20% | 7% | 6% |
| Alumnado con Reforzo, Relixión e Igualdade de xénero | 9,09% | 15% | 25% | 8% | 7% |
| Alumnado con Reforzo, Relixión e Regueifa | 9,09% | 12% | 25% | 8% | 8% |

| 2º ESO RIOV | CAA | CECC | CCL | CD | CSC |
|---------------------------------|------------|-------------|------------|-----------|------------|
| Alumnado con Francés e Relixión | 8,33% | 19% | 3% | 4% | 9% |
| Alumnado de Reforzo e Relixión | 9,09% | 19% | 3% | 4% | 10% |

| 3º ESO | CAA | CECC | CCL | CD | CSC |
|---------------|------------|-------------|------------|-----------|------------|
|---------------|------------|-------------|------------|-----------|------------|

| | | | | | |
|---|-------|-----|-----|----|----|
| Alumnado con Relixión e Cultura Clásica | 7,69% | 10% | 21% | 9% | 7% |
| Alumnado con Francés e Relixión | 7,69% | 10% | 20% | 9% | 8% |
| Alumnado con Valores éticos e Cultura clásica | 7,69% | 10% | 21% | 9% | 6% |

| 4º ESO | CAA | CECC | CCL | CD | CSC |
|---|-------|-------|-----|-------|------|
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Plástica e TIC | 9,09% | 15% | 25% | 8% | 8% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Plástica e Francés | 9,09% | 15% | 20% | 12% | 9% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Artes escénicas e Francés | 9,09% | 15% | 20% | 14% | 7% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Valores éticos, Plástica e TIC | 9,09% | 15% | 25% | 8% | 7% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Relixión, Artes escénicas e Francés | 9,09% | 12,5% | 20% | 12,5% | 7% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Relixión, Artes escénicas e TIC | 9,09% | 12,5% | 20% | 7% | 6,5% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Valores éticos, Plástica e TIC | 9,09% | 15% | 20% | 6,5% | 7% |
| Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Valores éticos, Artes escénicas e Francés | 9,09% | 15% | 20% | 12,5% | 6,5% |
| Alumnado con Matemáticas Aplicadas, Iniciativa emprendedora, Tecnoloxía, Relixión, Plástica e TIC | 9,09% | 15% | 25% | 6,5% | 7% |
| Alumnado con Matemáticas Aplicadas, Iniciativa emprendedora, Tecnoloxía, Relixión, Plástica e Francés | 9,09% | 15% | 20% | 8% | 7% |

Por outra parte, tamén a nivel de centro, aprobamos unha serie de **rúbricas** para avaliar os estándares transversais da CSC, CAA, CCEC e CD, que son as seguintes:

RÚBRICA DA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

| | EXCELENTE (2-1,5 puntos) | SATISFACTORIO (1,5-1 puntos) | BÁSICO (1-0,5 puntos) | ESCASO (0,5-0 puntos) | NOTA |
|--|--|---|---|---|------|
| Harmonía coas compañeiras e compañeiros (2 puntos) | Sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. Nunca usa linguaxe sexista e/ ou discriminatoria. | Case sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Case nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias . Case nunca usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. | Ás veces traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiros/os pero prefire traballar só con parte deles/as. Ás veces mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. Ás veces usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria pero trata de | Ten dificultades para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. Con frecuencia mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. Con frecuencia usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e non trata de autocorririrse. | |

| | | | | |
|---|--|---|--|---|
| | Sempre respecta a diversidade. | Case sempre respecta a diversidade. | autocorririse. Ás veces respecta a diversidade. | Nunca ou case nunca respecta a diversidade. |
| Interese e coidado do material (2 puntos) | Sempre participa activamente nas actividades propostas. Sempre se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso. | Case sempre participa activamente nas actividades propostas. Case sempre se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso. | Ás veces participa activamente nas actividades propostas. Ás veces interésase por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso. | Nunca ou case nunca participa activamente nas actividades propostas. Ten dificultades para manter en bo estado o material, propio e alleo, e para respectar as normas de uso. |
| Utilización de valores (2 puntos) | Sempre é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. Sempre cumpre as normas porque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. Sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Sempre aplica hábitos de hixiene e saúde. | Case sempre é solidario/a e adoita ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. Case sempre cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. Case sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Case sempre aplica hábitos de hixiene e saúde. | Ás veces é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. Ás veces non cumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. Ás veces adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Ás veces aplica hábitos de hixiene e saúde. | Nunca ou case nunca é solidario/a e ten dificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita Nunca ou case nunca respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. Nunca ou case nunca adopta actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Nunca ou case nunca aplica hábitos de saúde e hixiene. |
| Participación no grupo (2 puntos) | Sempre participa activamente no traballo en grupo, implícase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Sempre admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Sempre respecta as quendas. | Case sempre participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. Case sempre admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Case sempre respecta as quendas. | Participa no traballo en grupo pero só ás veces se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só ás veces admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolver conflitos se os hai. Só ás veces respecta as quendas. | Nunca ou case nunca participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. Nunca ou case nunca admite nin respecta as opinións nin axuda a resolver conflitos. Nunca ou case nunca respecta as quendas. |
| Responsabilidade (2 puntos) | Sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Sempre é responsable á hora de traer o material necesario. | Case sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Case sempre é responsable á hora de traer o material necesario. | Ás veces non respecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. Ás veces non é responsable á hora de traer o material necesario. | Nunca ou case nunca respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. Nunca ou case nunca trae o material necesario. |
| ALUMNO/A: | | | | NOTA: |

RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|---|--|---|--|---|
| Esforzo e actitude (2,5 puntos) | Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da | Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades | Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cústalle memorizar. | Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cústalle moito memorizar. |

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|---|---|---|--|---|
| | clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos. | da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esforzase na comprensión de conceptos. | Ás veces interérase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforzaás veces na comprensión de conceptos. | Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos. |
| Organización e planificación (2,5 puntos) | Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cústalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios. | Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. |
| Estratexias e xestión da aprendizaxe (2,5 puntos) | Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendemento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe. | Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe. | Coñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe. | Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe. |
| Autonomía e capacidade de autoavaliación (2,5 puntos) | Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas. | Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas. | Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas. Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas. | Nunca ou case nunca avalía as súas producións. Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas. |

RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|--|---|--|--|---|
| Respecto pola cultura (2,5 puntos) | Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implicase activamente cando corresponde. | Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa. | Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa. | Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio. |

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|--|---|--|--|--|
| Goce da cultura (2,5 puntos) | Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc. | Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc. | Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas, pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás. | Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos. Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás. |
| Participación (2,5 puntos) | Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. | Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade. |
| Habilidades creativas (2,5 puntos) | Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. | Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas. |

RÚBRICA DA COMPETENCIA DIXITAL

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|---|---|---|---|--|
| Fontes de información (2,5 puntos) | Procura información na rede demostrando habilidade no seu filtrado. Extrae a información precisa, escollendo con criterio o que realmente necesita. Procesa a información e manipúlaa tratando de evitar o copiado literal . | Procura información na rede pero ten certa dificultade no seu filtrado . Extrae a información precisa, aínda que ás veces necesita axuda . Procesa a información e manipúlaa , pero non se preocupa por evitar o copiado literal . | Procura información na rede de forma guiada . Non ten un criterio claro para extraer a información precisa e necesita axuda constante. Fai una manipulación da información moi básica e cópiaa toda ou case toda de xeito literal . | Cústalle moito a procura de información na rede aínda que sexa de forma guiada. Non é capaz de extraer da información os datos que precisa. Non manipula nin procesa a información . |
| CCL, CAA, CSC | LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. | 2ª avaliación | Identifica a intención comunicativa e o tema en anuncios. Identifica algunhas características dos xéneros informativos e de opinión e explica algúns recursos verbais e non verbais. Analiza de forma crítica o contido das mensaxes publicitarias e procura evitar usos lingüísticos discriminatorios. | Observación diaria |
| CCL, CSC, CAA, CSIEE | LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | Todo o curso | Identifica algúns recursos que lle dan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. Case sempre respecta as quendas e as opinións alleas e aplica as normas de cortesía. Recoñece a importancia da entoación, as pausas, o volume e a mirada. Habitualmente controla as emocións ao falar en público. | Observación diaria Proba oral dun libro de lectura Exposición oral planificada Lectura dramática expresiva |

| | | | | |
|--------------------------|--|---------------|---|--|
| CCL, CAA, CSC, CSIEE, CD | <p>LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados</p> <p>LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.</p> <p>LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> <p>LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.</p> <p>LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p> <p>LGB1.5.7. Tenta buscar a complicitade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.</p> <p>LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> | Todo o curso | <p>Case sempre planifica os seus textos orais e produce discursos coherentes e adecuados, aínda que con algún problema de cohesión.</p> <p>Ás veces consulta fontes de información e revisa os borradores e esquemas.</p> <p>Case sempre presenta os contidos ordenados e claros, cínguese ao tema, pero hai algúns erros gramaticais.</p> <p>En xeral entoa adecuadamente, fai pausas e o seu volume é axeitado. Mira ao auditorio e case sempre consegue controlar as emocións ao falar en público.</p> <p>Exprésase con bastante facilidade e esfórzase en buscar alternativas na expresión.</p> <p>Mantén o rexistro adecuado a maior parte do tempo.</p> <p>Responde as preguntas do auditorio, pero non sempre con seguridade.</p> <p>Ás veces emprega as TIC para documentarse e elabora con elas presentacións adecuadas á situación.</p> | <p>Observación diaria</p> <p>Proba oral dun libro de lectura</p> <p>Exposición oral planificada</p> <p>Lectura dramática expresiva</p> |
| CCL | <p>LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> | Todo o curso | <p>Case sempre produce textos orais espontáneos coherentes e adecuados á situación, pero presentan algunhas incorreccións.</p> <p>Participa con bastante fluidez nas intervencións espontáneas, coloca ben os pronomes, distingue as 7 vogais, o n velar e o fricativo palatal xordo, pero comete algúns erros morfosintácticos.</p> <p>De cando en vez emprega fraseoloxía nas súas intervencións orais espontáneas e procura variar o seu léxico.</p> | Observación diaria |
| CCL | <p>LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.</p> <p>LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p> | 3ª avaliación | <p>Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, aínda que presenta algúns erros gramaticais.</p> <p>Procura empregar léxico preciso e trata de evitar os coloquialismos e palabras comodín.</p> | Exposición oral planificada |
| CCL, CAA, CSC | <p>LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p> <p>LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non</p> | Todo o curso | <p>Con frecuencia expón argumentos comprensibles, pero non moi convincentes e ás veces comenta as intervencións dos demais.</p> <p>Case sempre respecta as quendas e as opinións alleas e procura evitar a linguaxe discriminatoria.</p> | <p>Observación diaria</p> <p>Proba oral dun libro de lectura</p> <p>Exposición oral planificada</p> |

| | | | | |
|-----------------|--|--------------|--|--|
| | discriminatoria. | | | |
| CCL, CSC, CSIEE | LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | Todo o curso | Desenvólvese eficazmente na maior parte das situacións da vida diaria e de traballo e, ás veces, participa en conversas informais. | Observación diaria |
| CCL, CAA | LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. | Todo o curso | Con frecuencia recoñece nas súas exposicións e nas alleas, algunhas incoherencias, repeticións, caídas de rexistro, castelanismos ou erros fonéticos. Ás veces deseña algunha estratexia para mellorar autonomamente. | Observación diaria Exposición oral planificada Proba oral dun libro de lectura |
| CCL, CAA, CSC | LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | Todo o curso | A maior parte das veces recoñece a pronuncia galega correcta, identifica algúns erros nas producións alleas e case sempre produce discursos orais que seguen a prosodia e fonética galegas. Recoñece e rexeita algúns prexuízos asociados á pronuncia. Se a posúe, usa a súa variante dialectal. | Observación diaria |

Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir

| Competenci as clave | Estándares de aprendizaxe | Temporalizaci ón | Grao mínimo de consecución | Instrumentos e procedementos de avaliación |
|---------------------|--|-------------------------|--|---|
| CCL, CAA, CD | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións. | Todo o curso | Recolle a maior parte das ideas dun texto en resumos ou esquemas. Interpreta o sentido global e identifica o propósito da maioría dos textos argumentativos e expositivos. Diferencia a maioría das ideas principais e algunhas secundarias deste tipo de textos e sintetizaos. Algunha vez usa recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión do texto. | Prácticas de análise textual Proba escrita sobre un libro de lectura Exame de texto |
| CCL, CSC | LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas. | 1ª, 2ª e 3ª avaliacións | Case sempre planifica os seus traballos e ás veces revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. A maior parte das veces usa o rexistro lingüístico axeitado, aínda que pode presentar desviacións. Utiliza distintos mecanismos de cohesión, pero non moi variados. | Proba escrita sobre un libro de lectura Prácticas de análise textual Exame de texto |
| CCL, CSC | LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos | 3ª avaliación | Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, pero presenta algúns erros ortográficos e gramaticais. Procura evitar os coloquialismos e as palabras comodín, trata de usar léxico preciso e incorpora algún termo especializado. Procura organizar os contidos dos traballos segundo os | Exposición oral planificada |

| | | | | |
|--------------|--|------------------------|---|---|
| | expresivos propios do rexistro formal. LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos. | | obxectivos e defende a súa opinión con argumentos, aínda que non sempre son sólidos. | |
| CCL | LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos. LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta. | 1ª e 2ª avaliacións | Describe algúns trazos morfosintácticos dos textos expositivos e argumentativos. Recoñece o estilo directo, o indirecto e o indirecto libre. | Prácticas de análise textual Exame de texto |
| CCL, CD, CAA | LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo. LGB2.5.2. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos. | Todo o curso | Consulta información en fontes dixitais e sintetiza algúns datos relevantes en fichas-resumo. Respecta as normas básicas de presentación dos textos escritos, a organización en epígrafes e os procedementos de cita. Utiliza procesadores de textos e, algunha vez, correctores ortográficos para mellorar as súas producións. | Exposición oral planificada Prácticas de análise textual Traballo de síntese-esquemmatización |
| CCL, CAA | LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. | 2ª avaliación | Utiliza recursos básicos de cohesión, tanto gramaticais como léxico-semánticos. Describe algúns trazos dos tipos de rexistro e analiza algunhas manifestacións lingüísticas | Prácticas de análise textual |

Bloque 3: Funcionamento da lingua

| Competenci as clave | Estándares de aprendizaxe | Temporalizaci ón | Grao mínimo de consecución | Instrumentos e procedementos de avaliación |
|------------------------|--|-----------------------------|---|---|
| CCL, CAA, CCEC | LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega. LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz. | 1ª avaliación | Distingue o grao de abertura das vogais tónicas e define algún fonema consonántico. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación. | Observación diaria Exame escrito |
| CCL, CCEC | LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural. | 1ª avaliación | Distingue, razoadamente, os bloques dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio. | Exame escrito |
| CCL, CAA | LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | 2ª avaliación | Explica os procedementos de formación de palabras e analiza a estrutura morfolóxica das categorías nominais. | Exame escrito |
| CAA | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. | 3ª avaliación | Diferencia entre unidades e funcións sintácticas e recoñece as diferentes estruturas. | Exame escrito |
| CCL, CAA | LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | 1ª e 2ª e 3ª avaliacións | Identifica e explica as relacións semánticas. Define palabras no seu contexto. | Exame escrito Prácticas de análise textual Proba escrita dun libro de lectura |

| | | | | |
|--------------|--|--------------------|--|--|
| CCL, CAA, CD | LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | 1ª e 3ª avaliación | Participa en proxectos, procura evitar os estereotipos lingüísticos e valora algo a súa competencia plurilingüe. | Lectura dramática expresiva Exposición oral planificada |
| CCL, CAA | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | Todo o curso | Ás veces utiliza algúns coñecementos lingüísticos para mellorar a comprensión e produción doutras linguas. | Observación diaria |

Bloque 4: Lingua e sociedade

| Competenci as clave | Estándares de aprendizaxe | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Instrumentos e procedementos de avaliación |
|---------------------|---|-------------------------|---|--|
| CCL, CSC | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | 2ª e 3ª avaliacións | Recoñece algúns estereotipos lingüísticos. Elabora traballos nos que se abordan cuestións sociolingüísticas. | Exame escrito Exposición oral planificada |
| CCL, CCEC | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | 1ª, 2ª e 3ª avaliacións | Coñece as fases de elaboración do estándar galego. Recoñece a maior parte dos castelanismos e produce discursos que tratan de evitalos, aínda que conteñen algúns. | Exposición oral planificada Exame escrito Exame de texto |
| CCL, CSC | LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | 1ª e 2ª avaliacións | Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (de 1916 a 1978). Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre 1916 e 1978. Coñece a importancia da etapa 1976-78 na situación posterior da lingua. Identifica o galego moderno en textos. | Exame escrito |
| CCL, CSC | LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios | 3ª avaliación | Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (desde 1978 á actualidade). Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre desde 1978 ata a actualidade. Sabe que o galego é unha lingua en vías de normalización e sinala algunhas debilidades e fortalezas. Identifica en textos algunhas características da lingua desde 1978 á actualidade. | Exame escrito |

| | | | | |
|----------|--|---------------|--|-------------------------------------|
| | desde 1978 ata a actualidade. | | | |
| CCL | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | 3ª avaliación | Elabora un esquema sobre as diferentes etapas e características do galego. | Traballo de síntese-esquematización |
| CCL, CSC | LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | 3ª avaliación | Cofece algúns elementos da evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | Traballo de síntese-esquematización |

Bloque 5: Educación literaria

| Competenci as clave | Estándares de aprendizaxe | Temporalizaci ón | Grao mínimo de consecución | Instrumentos e procedementos de avaliación |
|------------------------|--|---------------------|---|---|
| CCL | LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | 1ª avaliación | Identifica textos de Manuel Antonio e explica algúns trazos da súa poesía. Identifica textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao e describe algúns trazos da súa prosa. Describe algúns trazos do teatro das Irmandades, o Grupo Nós e as Vangardas. | Exame escrito |
| CCL | LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 1ª avaliación | Le e comenta textos de Manuel Antonio traballados na clase. Le e comenta textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao. Le e comenta, de xeito guiado, textos do teatro de 1916 a 1936. | Exame escrito |
| CCL | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | 2ª avaliación | Describe algúns trazos da poesía do exilio, da Xeración do 36 e da Xeración das Festas Minervais. Describe algúns trazos da prosa de Eduardo Blanco-Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG. Describe algúns trazos do teatro do exilio, da Xeración dos 50 e do Grupo de Ribadavia. | Cuestionario Exame escrito |
| CCL | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 2ª avaliación | Le e comenta textos de Celso Emilio Ferreiro e dos autores da Xeración dos 50. Le e comenta textos de Eduardo Blanco-Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG. | Exame escrito |

| | | | | |
|-----|--|-------------------------|---|---|
| | LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | Le e comenta textos de Vidal Bolaño. | |
| CCL | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | 3ª avaliación | Describe algúns trazos dos poetas dos 80 e dos 90. Describe algúns temas e tendencias da prosa desde 1975 ata a actualidade. Describe algúns trazos do teatro dos 80 e dos 90, ademais da situación actual. | Exposición oral planificada Exame escrito |
| CCL | LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | 3ª avaliación | Le e comenta textos dos poetas dos 80 e dos 90. Le e comenta textos de prosistas do 1975 ata a actualidade. Le e comenta textos representativos do teatro actual. | Exposición oral Exame escrito |
| CCL | LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | 1ª, 2ª e 3ª avaliacións | Comenta, de xeito guiado, unha obra de cada un dos períodos anteriores. | Proba oral dun libro de lectura Proba escrita dun libro de lectura |

2 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Traballar por competencias na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente convértese nun xestor do coñecemento do alumnado, que adquire máis protagonismo.

A materia de Lingua galega e literatura é unha materia instrumental, polo que manexamos dous obxectivos fundamentais: a consecución dos obxectivos curriculares a través do contidos e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras materias. Neste proceso é necesario o adestramento persoal e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación, que son extrapolables a outros ámbitos e contextos de aprendizaxe.

Nalgúns aspectos da materia, nomeadamente aqueles que perseguen habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Por outra banda, o desenvolvemento de actividades que partan das intelixencias múltiples facilitará que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiren para desenvolver os obxectivos de aprendizaxe. Á parte disto, é indispensable a vinculación das aprendizaxes a contextos reais; para iso empregaranse tarefas competenciais que permitan a vinculación con situacións cotiás e próximas ao alumnado.

De xeito máis concreto, establecemos as seguintes estratexias e secuencias metodolóxicas:

- actividades que permitan coñecer as ideas e coñecementos previos do alumnado sobre os contidos que se van traballar.
- exposición motivadora por parte do profesorado ou do alumnado, explicando os obxectivos que perseguimos.
- lectura/escoita/visionado de textos e actividades de comprensión
- exposición por parte do profesorado dos conceptos máis novidosos e complexos; procurarase que sexa o máis breve posible, que empregue distintos soportes e que a interacción co alumnado sexa unha constante.
- traballo práctico individual (exercicios, actividades ou tarefas sobre un libro de lectura, por exemplo) e corrección por parte do profesorado, ben individualmente, ben colectivamente
- traballo práctico cooperativo (exposicións orais sobre un tema do currículo ou outros traballos escritos); potenciarase este modelo de tarefa para fomentar a aprendizaxe activa e o traballo colaborativo.
- procuraremos ir introducindo progresivamente a autoavaliación e a coavaliación en tarefas concretas; as rúbricas de avaliación, cuxo uso continuamos ampliando, servirannos así mesmo para propiciar a reflexión do alumnado sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.

Ademais do anterior, dada a importancia que consideramos que ten a lectura, en 1º de ESO dedicarase unha hora semanal á lectura guiada, ben dun libro concreto na aula, ben de banda deseñada, este ano sempre na aula. Previamente o alumnado disporá dun ficha-guía de lectura para que saiba en que aspectos se ten que centrar. Por outra banda, en todos os cursos ofreceranse listas de lectura amplas e variadas para que o alumnado escolla segundo os seus intereses; deberán ler un libro obrigatorio por trimestre e tamén poderán ler de xeito voluntario outras obras que lle sumarán nota para a avaliación.

A maiores disto, cómpre lembrar que os grupos de 1º e 2º da ESO van estar integrados, no proxecto E-Dixgal que esperamos que favoreza a transición cara a un modelo de docencia máis competencial, que incida moito no traballo de grupo e por proxectos e potencie asemade a súa competencia dixital.

3 MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR

En canto aos materiais e recursos, este curso decidimos empregar unicamente libro de texto en 4º da ESO, o propio profesorado elaborará os materiais para o resto dos niveis. Non obstante, puntualmente poderemos botar man dos existentes no banco de libros para os distintos niveis de ESO e de bacharelato.

Mención á parte merece 1º e 2º da ESO posto que, como xa se indicou con anterioridade, neste curso continuamos a formar parte do proxecto de educación dixital E-Dixgal, que pretende ir substituíndo progresivamente os libros en papel polos dixitais; se ben tomaremos como punto de partida o manual que nos ofrece a editorial NETEX coa súa nova versión Smart Classroom (que nos permite modificar e personalizar os seus propios contidos editoriais), tamén introduciremos outros de aulaPlaneta (tamén editables) e os materiais de Cotovía.org en liña (a plataforma EVA permite a creación de actividades propias a través da súa “ferramenta de autor”). Este emprego de materiais dixitais non exclúe, non obstante, o uso doutros en papel cando se estime oportuno.

Ademais, as TIC terán tamén un lugar destacado na nosa praxe nos outros niveis, non só por ser a rede unha fornecedora interesante de materiais, senón tamén por outras dúas razóns:

- permitirannos traballar con cursos creados na aula virtual do centro; neles incluíranse materiais de reforzo e/ou ampliación da materia que o alumnado pode consultar en calquera momento e desde calquera lugar que dispoña de conexión á rede.

-o alumnado deberá usalas con frecuencia para a elaboración de materiais e para mellorar as súas producións. Neste sentido cómpre destacar que todas as aulas están dotadas de ordenador e canón de proxección, pero que tamén acudiremos sempre que sexa necesario (e posible) á aula de informática ou á biblioteca para traballar con soportes dixitais. Ademais, continuaremos avanzando no uso do móbil como ferramenta pedagóxica, empezando por recomendar que descarguen nel a aplicación do Portal das palabras para poder dispoñer dun dicionario fiable gratuitamente e sen necesidade de conexión á internet.

-Este ano, previa aprobación en claustro. A ferramenta TIC que se vai empregar para todas as disciplinas vai ser o **Classroom da plataforma Gsuite. E a Aula Virtual para 2º bach** O alumnado recibirá a través desta plataforma o contacto co profesorado así como os diferentes materias e tarefas pautadas.

Finalmente e dada a centralidade que a lectura ocupa na nosa práctica docente, a biblioteca do centro tamén vai ser un referente inescusable, por canto vai estar dotada con todas as obras que lle recomendemos ao noso alumnado, tanto de lectura obrigatoria como voluntaria, ademais de funcionar como espazo de pesquisa e documentación.

4 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

4.1 ESO

Os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe (xa detallados no epígrafe 3) son os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia. Os instrumentos e procedementos de avaliación tamén están especificados no mesmo apartado.

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

6.1.1 Primeiro de ESO

Para 1º de ESO o sistema de cualificación para a avaliación ordinaria será o seguinte:

| 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| CCL: 70%, distribuído como segue: <ul style="list-style-type: none"> • Expresión oral nunha proba sobre un libro de lectura: 10% • Exposición oral planificada: 10% • Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> ○ Traballo escrito: 5% ○ Actividades das unidades: 5% • Exames (dous): 40% | CCL: 70%, distribuído como segue: <ul style="list-style-type: none"> • Expresión oral planificada: 10% • Proba oral libro lectura: 10% • Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> ○ Traballo escrito : 5% ○ Actividades das unidades: 5% • Exames (dous): 40% | CCL: 70%, distribuído como segue: <ul style="list-style-type: none"> • Expresión oral nunha proba sobre un libro de lectura: 10% • Exposición oral planificada: 10% • Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> ○ Traballo escrito: 5% ○ Actividades das unidades: 5% • Exames (dous): 40% |
| CAA: 10% | CAA: 10% | CAA: 10% |

| | | |
|----------|----------|----------|
| CSC: 10% | CSC: 10% | CSC: 10% |
| CD: 10% | CD: 10 % | CD: 10% |

A maiores, a participación voluntaria e activismo no Clube da Lingua, Equipo de Normalización, sumará até un máximo de 1 punto.

Realizaranse dous **exames** por avaliación: un de comprensión, análise e produción textual e outro de funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Para poder sumar a nota dos demais apartados, será indispensable obter unha **nota mínima** de 3 puntos en cada un dos exames. Se non se obtivese algunha destas notas mínimas consideraríase suspensa a avaliación.

Das cualificacións de todos os traballos e probas escritas e mais dos exames restarase puntuación por **erros ortográficos** (máximo -2 puntos) e de **presentación** (máximo -0,5 puntos); as faltas de ortografía descontaranse do seguinte xeito:

- 1.a Faltas copiadas ou moi graves: 0,1 puntos cada unha
- 1.b Resto de faltas, incluídos os tiles: 0,1 puntos cada 2 faltas

Cando se descubra a un alumno ou alumna **copiando** anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo corresponda; no caso de anular a totalidade do exercicio o profesorado fixará outro día para repetilo.

Coa finalidade de fomentar o hábito lector, o alumnado poderá ler un máximo de **dous libros voluntarios** por avaliación (escollidos do listado facilitado pola profesora), que computarán ata 0,3 puntos cada un sobre a nota global da avaliación, pero sempre a partir do aprobado. Para a súa valoración deberán realizar un breve control oral da lectura seleccionada.

As **competencias** serán avaliadas mediante as **rúbricas** que figuran máis abaixo e tanto para a expresión oral espontánea na aula como para as exposicións orais planificadas tamén se empregarán rúbricas específicas que o alumnado coñecerá de antemán. Indicamos, de xeito sintetizado, os aspectos que se valorarán en cada competencia:

- na **CAA** observarase o seu esforzo, organización e autonomía no seu traballo diario e no caderno de clase.
- na **CSC** valorarase a responsabilidade na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía coas compañeiras/os.
- na **CCEC** terase en conta o respecto e interese sobre as distintas manifestacións culturais e a súa creatividade.
- na **CD** avaliarase a súa capacidade para manexar as TIC, buscar e transformar información e respectar as fontes de información.

A continuación especificanse tamén os **estándares que se avalían** en cada competencia:

| CAA | CSC | CCEC | CD | CCL |
|--|---|---|--|--------------------|
| LGB1.1.2, LGB1.2.2, LGB1.9.1, LGB2.1.1, LGB2.1.6, LGB2.1.7, LGB2.8.1, LGB2.14.1, LGB2.14.2, LGB3.11.1, LGB3.13.1 | LGB1.3.1, LGB1.4.3, LGB1.8.1, LGB2.6.1, LGB2.6.2, LGB3.12.1 | LGB1.6.2, LGB1.6.3, LG4.1.1, LGB4.1.4, LGB4.6.1, LGB5.6.1, LGB5.7.1, LGB5.7.2, LGB5.7.3, LGB5.7.4 | LGB1.5.1, LGB1.5.2, LGB2.5.1, LGB2.7.3, LGB2.13.1, LGB2.13.2, LGB5.8.1 | Todos os restantes |

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando as notas de cada unha das competencias sinaladas; para acadar unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior. A **cualificación da avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións (sen redondeo), sempre que estean todas aprobadas. No caso de ter que recuperar algunha avaliación, para a cualificación final computará a nota da recuperación (sen redondeo).

Recuperacións

As recuperacións realizaranse mediante un exame, de modo que só serán avaliados os estándares da CCL. Cando un alumno/a teña unha avaliación suspensa pode aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior aos 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación (segundo proceda). A cualificación global da recuperación calcularíase outorgándolle ao exame a mesma porcentaxe que durante o curso ten a CCL (70% na 1ª e 70% na 2ª e 3ª avaliacións) e sumándolle as notas correspondentes da CAA, CSC, CCEC e CD; sería necesario obter 5 puntos para considerala recuperada. Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións ao longo do curso non terá opción de recuperación en xuño e deberá presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria de setembro.

Na **convocatoria de setembro**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia. O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

| | |
|--|-----|
| Comprensión, análise e produción textual | 50% |
| Funcionamento da lingua | 30% |
| Lingua e sociedade | 10% |
| Educación literaria | 10% |

Modelos de rúbricas

RÚBRICA DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|---|--|---|---|---|
| Esforo e actitude (2,5 puntos) | Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos. | Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esforzase na comprensión de conceptos. | Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cústalle memorizar. Ás veces interésase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforzaás veces na comprensión de conceptos. | Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cústalle moito memorizar. Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos. |
| Organización e planificación (2,5 puntos) | Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempre salienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios. | Ás veces comete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cústalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos | Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos |

| | EXCELENTE (2,5-2 puntos) | SATISFACTORIO (2-1,5 puntos) | BÁSICO (1,5-1 puntos) | ESCASO (1-0 puntos) |
|---|---|---|---|---|
| | | | secundarios. | secundarios. |
| Estratexias e xestión da aprendizaxe (2,5 puntos) | Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendemento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe. | Case sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumosaxeitados para avanzar na aprendizaxe. | Cofrece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe. | Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe. |
| Autonomía e capacidade de autoavaliación (2,5 puntos) | Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas. | Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas. | Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas. Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas. | Nunca ou case nunca avalía as súas producións. Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas. |

RÚBRICA COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

| | EXCELENTE (2-1,5 puntos) | SATISFACTORIO (1,5-1 puntos) | BÁSICO (1-0,5 puntos) | ESCASO (0,5-0 puntos) | NOTA |
|--|---|---|--|---|-------------|
| Harmonía coas compañeiras e compañeiros (2 puntos) | Sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. Nunca usa linguaxe sexista e/ ou discriminatoria. Sempre respecta a diversidade. | Case sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Case nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias . Case nunca usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. Case sempre respecta a diversidade. | Ás veces traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiras/os pero prefire traballar só con parte deles/as. Ás veces mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. Ás veces usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria pero trata de autocorririrse. Ás veces respecta a diversidade. | Ten dificultades para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. Con frecuencia mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. Con frecuencia usa unha linguaxe sexista e/ou discriminatoria e non trata de autocorririrse. Nunca ou case nunca respecta a diversidade. | |
| Utilización de valores (2 puntos) | Sempre é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. Sempre cumpre as normas porque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. Sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Sempre aplica hábitos de hixiene e saúde. | Case sempre é solidario/a e adoita ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. Case sempre cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. Case sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Case sempre aplica hábitos de hixiene e saúde. | Ás veces é solidario/a e ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. Ás veces non cumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. Ás veces adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Ás veces aplica hábitos de hixiene e saúde. | Nunca ou case nunca é solidario/a e ten dificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita Nunca ou case nunca respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. Nunca ou case nunca adopta actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Nunca ou case nunca aplica hábitos de saúde e hixiene. | |
| Participación no grupo (2 puntos) | Sempre participa activamente no traballo en grupo, implícase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Sempre admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Sempre respecta as quendas. | Case sempre participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. Case sempre admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Case sempre respecta as quendas. | Participa no traballo en grupo pero só ás veces se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só ás veces admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolver conflitos se os hai. Só ás veces respecta as quendas. | Nunca ou case nunca participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. Nunca ou case nunca admite nin respecta as opinións nin axuda a resolver conflitos. Nunca ou case nunca respecta as quendas. | |
| Responsabilidade (2 puntos) | Sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Sempre é responsable á hora de traer o material necesario. | Case sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Case sempre é responsable á hora de traer o material necesario. | Ás veces non respecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. Ás veces non é responsable á hora de traer o material necesario. | Nunca ou case nunca respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. Nunca ou case nunca trae o material necesario. | |
| ALUMNO/A: | | | | NOTA: | |

En canto aos **critérios de promoción**, no momento de redactar esta programación aínda non se publicou a orde de avaliación que desenvolve o Decreto 86/2015 de implantación do currículo. O que se expón está extraído da Resolución do 15 de xullo de 2016, que é a única base normativa coa que contamos e que establece o seguinte:

- para poder promocionar o alumnado deberá aprobar todas as materias.
- tamén poderá promocionar con dúas suspensas sempre que estas non sexan Matemáticas e unha das linguas

- de xeito excepcional poderá promocionar con tres materias suspensas ou a combinación de Matemáticas e unha das linguas cando o equipo docente considere que pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

6.2 BACHARELATO

Os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe (xa detallados no epígrafe 3) son os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia. Os instrumentos e procedementos de avaliación tamén están especificados no mesmo apartado.

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

6.2.1 Primeiro de Bacharelato

A continuación detállase o **sistema de cualificación para a avaliación ordinaria**:

1. **Traballos de expresión oral e expresión escrita**: 40%. Deseguido especificanse os procedementos de avaliación e a súa cualificación:

| 1ª avaliación | 2ª avaliación | 3ª avaliación |
|---|---|---|
| <p>Expresión oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> Exposición planificada (10%) Proba oral sobre un libro de lectura (10%) | <p>Expresión oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> Proba oral sobre un libro de lectura (10%) Exposición planificada (10%) | <p>Expresión oral:</p> <ul style="list-style-type: none"> Exposición oral sobre un libro de lectura (10%) Exposición planificada (10%) |
| <p>Expresión escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"> Práctica de textos (10%) Traballo escrito de investigación (10%) | <p>Expresión escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"> Prácticas de análise e produción textual (10%) Traballo escrito de investigación (10%) | <p>Expresión escrita:</p> <ul style="list-style-type: none"> Prácticas de análise textual (10%) Traballo escrito de investigación (10%) |

Tanto as intervencións espontáneas na aula como as exposicións orais planificadas serán avaliadas mediante as correspondentes rúbricas, que se lle darán a coñecer previamente ao alumnado.

Existe a posibilidade de realizar **lectura voluntaria** para subir nota (sempre a partir do aprobado): máximo de 2 libros, que sumarán ata 0,5 puntos cada un.

2. Exames: 60%. Realizaranse dous exames por avaliación: un de comprensión, análise e produción textual e outro sobre funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Cada un deles computará o 30% da nota global, pero será indispensable acadar unha nota mínima de 4 puntos en cada un para poder sumar a puntuación restante. De non ser así, consideraríase suspensa a avaliación.

No 2º exame os estándares terán o seguinte peso:

| Estándares avaliábeis | 1ª avaliación | 2ª avaliación | 3ª avaliación |
|-------------------------|---------------|---------------|---------------|
| Funcionamento da lingua | 20% | 40% | 30% |
| Lingua e sociedade | 20% | 40% | 20% |
| Literatura | 60% | 20% | 50% |

As **faltas de ortografía** serán descontadas da cualificación de cada exercicio ata un máximo de 2 puntos de acordo co seguinte baremo:

- faltas moi graves (colocación errada dos pronomes ou emprego de tempos compostos) ou copiadas: 0,2 cada unha
- resto de faltas, tales incluídos: 0,1 cada unha

Ademais, tamén se poderá descontar ata 1 punto polas deficiencias na **presentación** dos exercicios.

Cando se descubra a un alumno ou alumna **copiando** anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo corresponda ; no caso de anular a totalidade do exercicio o profesorado fixará outro día para repetilo.

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando as notas de cada un dos apartados anteriores debidamente ponderados; para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior.

Para aprobar a materia na avaliación final ordinaria será necesario ter aprobadas as tres avaliacións. A **nota final** calcularase mediante a media aritmética das notas das tres avaliacións sen redondeo. Cando se teña que facer unha recuperación, a nota que se terá en conta para o cálculo da nota final será a desta proba sen redondeo.

Recuperacións

Despois de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que teña o exame ou exames sen superar; cada alumno/a poderá efectuar, como máximo, tres probas de recuperación en todo o curso; cando sexa necesario recuperar os dous tipos de exame, seguirá sendo imprescindible obter un mínimo de 4 puntos para poder facer media. Para dar unha avaliación por aprobada deberase obter unha cualificación mínima de 5 puntos. As partes de traballos non se consideran recuperables. Se hai libros de lectura voluntarios poderanse sumar unha vez recuperada a avaliación. O alumnado que non supere a materia en xuño deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro.

Na **convocatoria de setembro**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito con contidos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia. O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

| Estándares avaliábeis | Porcentaxe da cualificación | Porcentaxe mínima requirida* |
|--|-----------------------------|------------------------------|
| Comprensión, análise e produción textual | 50% | 20% |
| Funcionamento da lingua | 15% | 30% en conxunto |
| Lingua e sociedade | 10% | |

| | | |
|---------------------|-----|--|
| Educación literaria | 25% | |
|---------------------|-----|--|

*Se non se acadan as porcentaxes mínimas indicadas nalgún dos apartados o exame consideraríase o exame suspenso e, por conseguinte, a materia non superada.

Por outra parte, tal e como está recollido no Proxecto Educativo do Centro, cando un alumno ou alumna de bacharelato falte á clase de xeito reiterado e inxustificado, ademais de ser obxecto da corrección correspondente, perderá o dereito á avaliación continua nesta materia cando acumule 15 faltas de asistencia, sempre e cando se lle comunicase no seu momento esta situación ás familias. Para estes casos establécese que o alumno ou alumna deberá realizar un exame final que versará sobre o conxunto dos contidos da materia e no que deberá obter unha nota igual ou superior a 5 puntos para poder superala.

En canto aos **criterios de promoción**, o alumnado promocionará de curso cando aprobe todas as materias ou teña suspensas, como máximo, dúas.

6.2.2 Segundo de Bacharelato

A continuación detállase o **sistema de cualificación para a avaliación ordinaria**:

1. Traballos de expresión oral e expresión escrita: 40%. Deseguido especificanse os procedementos de avaliación e a súa cualificación:

| 1ª avaliación | 2ª avaliación | 3ª avaliación |
|---|---|---|
| Expresión oral: <ul style="list-style-type: none"> • Intervencións espontáneas na aula (5%) • Exposición dun tema na aula (10%) | Expresión oral: <ul style="list-style-type: none"> • Intervencións espontáneas na aula (5%) • Exposición dun tema na aula (10%) | Expresión oral: <ul style="list-style-type: none"> • Intervencións espontáneas na aula (5%) • Exposición dun tema na aula (10%) |
| Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita sobre un libro de lectura (10%) • Prácticas de análise textual e traballos escritos (15%) | Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita sobre un libro de lectura (10%) • Prácticas de análise textual e traballos escritos (15%) | Expresión escrita: <ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita sobre un libro de lectura (10%) • Prácticas de análise textual e traballos escritos (15%) |

Tanto as intervencións espontáneas na aula como as exposicións orais planificadas serán avaliadas mediante as correspondentes rúbricas, que se lle darán a coñecer previamente ao alumnado.

Existe a posibilidade de realizar **traballo voluntario** para subir nota (sempre a partir do aprobado):

- O alumnado poderá ler outros libros (da lista facilitada pola profesora) a maiores da lectura obrigatoria para cada trimestre. Pode escoller unha das seguintes modalidades:
 - ler un libro e realizar unha peza audiovisual (individual ou colectiva) sobre el, ademais dun breve control oral: puntuación máxima 1,25 puntos; sumarase na avaliación na que se entregue e só se poderá facer unha vez no curso.
 - ler ata un máximo de 3 libros voluntarios (da lista facilitada pola profesora) e realizar un control oral; cada un deles sumará ata 0,2 sobre a media final do curso.
- Participación nos foros do curso da aula virtual ou algunha outra tarefa similar: sumará ata 0,25 puntos na nota de cada trimestre.

2. Exames: 60%. Realizaranse dous exames por avaliación. Cada un deles computará o 30% da nota global, pero será indispensable acadar unha nota mínima de 4 puntos en cada un para poder sumar a puntuación restante. De non ser así, consideraríase suspensa a avaliación.

As **faltas de ortografía** serán descontadas da cualificación de cada exercicio ata un máximo de 2 puntos de acordo co seguinte baremo:

- faltas moi graves (colocación errada dos pronomes ou emprego de tempos compostos) ou copiadas: -0,2 cada unha
- resto de faltas, tiles incluídos: -0,1 cada unha

Ademais, tamén se poderá descontar ata 1 punto polas deficiencias na **presentación** dos exercicios.

Cando se descubra a un alumno ou alumna **copiando**, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo corresponda; no caso de anular a totalidade do exercicio o profesorado fixará outro día para repetilo.

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando as notas de cada un dos apartados anteriores debidamente ponderados; para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior.

Para aprobar a materia na avaliación final ordinaria será necesario ter aprobadas as tres avaliacións. A **nota final** calcularase mediante a media aritmética das notas das tres avaliacións sen redondeo. Cando se teña que facer unha recuperación, a nota que se terá en conta para o cálculo da nota final será a desta proba sen redondeo.

Recuperacións

Despois de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que teña o exame ou exames sen superar; cada alumno/a poderá efectuar, como máximo, tres probas de recuperación en todo o curso; cando sexa necesario recuperar os dous tipos de exame, seguirá sendo imprescindible obter un mínimo de 4 puntos para poder facer media. Para dar unha avaliación por aprobada deberase obter unha cualificación mínima de 5 puntos. As partes de traballos non se consideran recuperables. A puntuación obtida por traballo voluntario poderase sumar unha vez recuperada a avaliación. O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria deberá presentarse á convocatoria extraordinaria.

Na **convocatoria extraordinaria**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito con contidos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia. O baremo de cualificación de cada parte será o seguinte:

| Estándares avaliados | Porcentaxe da cualificación | Porcentaxe mínima requirida* |
|--|-----------------------------|------------------------------|
| Comprensión, análise e produción textual | 50% | 20% |
| Funcionamento da lingua | 15% | 30% en conxunto |
| Lingua e sociedade | 10% | |
| Educación literaria | 25% | |

*Se non se acadan as porcentaxes mínimas indicadas nalgún dos apartados o exame consideraríase o exame suspenso e, por conseguinte, a materia non superada.

Por outra parte, tal e como está recollido no Proxecto Educativo do Centro, cando un alumno ou alumna de bacharelato falte á clase de xeito reiterado e inxustificado, ademais de ser obxecto da corrección correspondente, perderá o dereito á avaliación continua nesta materia cando acumule 15 faltas de asistencia, sempre e cando se lle comunicase no seu momento esta situación ás familias. Para estes casos establécese que o alumno ou alumna deberá realizar un exame final que versará sobre o conxunto dos contidos da materia e no que deberá obter unha nota igual ou superior a 5 puntos para poder superala.

5 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Deseguido achéganse os documentos que empregaremos para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Ofrécese unha serie de indicadores de logro que serán valorados numericamente de 1 a 4 segundo a seguinte escala: 1 = escaso, 2 = básico, 3 = satisfactorio, 4 = excelente.

| Avaliación do proceso de ensino | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender o alumnado con NEAE? | | | | |
| 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender o alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| Avaliación da práctica docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado? | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe? | | | | |
| 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames etc? | | | | |
| 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 13.- As medidas de apoio, reforzo etc. establécense vinculadas aos estándares? | | | | |
| 14.- Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...? | | | | |

6 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Neste curso 2020-21 só hai unha alumna de 4º da ESO coa materia pendente de 3º da ESO. Aplicaremos o plan de pendentes do centro. Entrega de tarefas a través do Google Suite cada semana. E unha proba oficial no mes de maio.

7 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO

Non procede.

8 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

As primeiras sesións do curso dedicaranse a avaliar as competencias e coñecementos do alumnado. Esta avaliación será máis extensa no tempo para o alumnado de 1º de ESO, dado que é novo no centro e dispoñemos de menos información sobre el, podendo chegar a abranguer a 1ª quincena. No resto dos niveis a duración será a indispensable para obter a información de partida necesaria para poder abordar os novos contidos do curso. En todo caso, empregaranse instrumentos de avaliación variados (tanto orais coma escritos, individuais e de grupo) para poder analizar a situación dos coñecementos en relación aos 5 bloques de contidos da materia: comunicación oral, comunicación escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais educación literaria.

Con esta avaliación pretendemos:

- definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con relación ao currículo e as súas necesidades.
- determinar a intervención educativa que se vai efectuar, priorizando os aspectos deficitarios que se precisen para o desenvolvemento da habilidades funcionais propias da súa idade.
- concretar as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna emprega para a incorporación de novos coñecementos e habilidades, favorecendo así unha ensinanza máis eficaz.

9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As orientacións metodolóxicas expostas anteriormente son de carácter xeral, pero non cómpre esquecer que a atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, o profesorado encargado de impartir a materia en cada un dos niveis deberá tratar de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e solventar as carencias existentes. Neste sentido, para o alumnado que precise reforzo contaremos coa axuda das profesoras de PT. Ademais, os grupos de 1º e 2º da ESO estarán desdoblados.

Unha vez fixados os obxectivos básicos, o profesorado procurará:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.

Para isto poden ser de utilidade para o profesorado os diversos materiais de reforzo e ampliación que aparecen nos distintos libros de texto, ben como cadernos á parte (caso dos de Rodeira ou de Xerais), ben os incluídos no libro do profesor (coma nos de Xerais, Obradoiro ou Anaya) e tamén as adaptacións curriculares da editorial Obradoiro-Santillana. Ademais disto, tamén na rede se poden atopar sitios web con actividades autoavaliáveis que poden servir de reforzo e/ou ampliación. Material fornecido polas PT.

10 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

A LOMCE establece que na Educación Secundaria Obrigatoria e no bacharelato elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballen en todas as materias. Da mesma maneira, deberá fomentarse o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non-discriminación por condicións circunstanciais, persoais ou sociais. A ensinanza transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos.

Para este curso e dadas as circunstancias que vimos de vivir desde marzo deste ano por mor da pandemia do COVID 19 decidimos traballar de xeito transversal o tema dos coidados.

11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO

En función do orzamento do departamento, das posibilidades organizativas e das oportunidades que vaian xurdindo ao longo do curso, poderanse realizar actividades como as seguintes:

- 1º 2º ESO. Conferencia Vítor García sobre a excavación do Castro de Merza. Xaneiro 2021
- 2º ESO e alumnado doutros cursos que cursase regueifa. Presentación do Proxecto Regueifesta.
- Alumnado 1º ESO. Proxecto Nós somos. Visita á fundación Neira Vilas. Homenaxe polo V cabodeano do escritor Xosé Neira Vilas. Novembro de 2020.
- Saída á Galescola Galiña Azul. O Apalpador. Nadal de 2020. Alumnado de regueifa.
- Certame Escolar de Regueifas de Valadares (Vigo), no mes de abril, para o alumnado regueifeiro.

- Excursión a Euskal Herria, no mes de maio, colaboración centros de Euskadi e Cataluña, para asistir ao Regueibersto, alumnado regueifeiro.
- Viaxe ao Courel: literatura, dialectoloxía e o improviso dos brindos e loias, visita ao CEIP de Seoane ou ao da Pobra de Brollón, para 3º de ESO no mes de maio.
- Excursión a Portugal para o alumnado de portugués de 1º e 4º de ESO; 3º trimestre.
- Saída aos colexios das Cruces para pór en valor o patrimonio musical das Cruces: “Música e literatura das Cruces: do cancionero Popular ao pop” Maio de 2021
- Visita á Cidade da cultura para ver a exposición Nós a Nós. Alumnado de 4º ESO. 1º ou 2º trimestre.
- Presentación nas Cruces e en Compostela do proxecto “1000 decalcomonías da Galiza” Marzo de 2021
- Visita de Sofía Tarela, regueifeira e rapeira. 2ºESO. Xaneiro de 2021
- Intercambio cos IES do Milladoiro e Ribeira (Leliadoura) excursión e vídeoconferncias. Novembro e febreiro intercambio.
- Vídeoconferencia 8 horas improvisando cos IES de Galiza, Euskadi e Catalunya. Maio de 2021
- Proxeciión e conferencia do documental: Dorothé na vila, 1º e 2º da ESO e alumnado de Sabrexo. Outubro de 2020.
- Outras actividades (charlas, recitais, debates, concertos...) con personaxes da cultura que poidan resultar de interese en relación coa animación á lectura ou co explicado na clase.
 - Saídas a diversas cidades e vilas galegas que ofrecen roteiros literarios, sesións de teatro, cine ou outras actividades culturais de interese.

Alén das actividades deste departamento, colaborarase de xeito activo con todas as actividades que programe o Clube da lingua

En colaboración coa Biblioteca:

- Actualización dos fondos bibliográficos e audiovisuais.
- Todas as actividades que programen de interese coas diferentes materias deste departamento.

12 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Ao comezo do curso o profesorado do Departamento informará ao alumnado sobre os estándares de aprendizaxe mínimos da materia, os criterios e instrumentos de avaliación, así como dos criterios de cualificación para cada nivel, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico. O procedemento que se vai empregar para avaliar a programación será un seguimento regular da súa aplicación, do que quedará constancia nas correspondentes actas de reunión de departamento, segundo a información achegada polos distintos membros. Así mesmo, na memoria de final de curso recollerase unha avaliación global da programación (para a que se empregará o documento que se achega deseguido), acompañada das propostas de mellora que se consideren necesarias e que serán incorporadas para o curso seguinte. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

| | | | | |
|---|-----------|-----------|------------------|--------------|
| Avaliación da programación didáctica: INDICADORES DE LOGRO | 1 | 2 | 3 | 4 |
| | (Escaso) | (Básico) | (Satisfactorio) | (Excelente) |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas? | | | | |
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

ANEXO I DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO

1. APARTADOS DERIVADOS DAS INSTRUCIÓNS DO 30 DE XULLO DE 2020

1.1 TRANSICIÓN AO ENSINO NON PRESENCIAL

Incorpórase este apartado á programación didáctica atendendo ao indicado nas Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/21, nos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de EI, EP, ESO e de Bacharelato.

O punto 3.2 do apartado segundo destas Instrucións (Liñas xerais para o curso 2020/21) dispón que nas programacións didácticas se deben contemplar os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Así mesmo, o punto 3.7. deste mesmo apartado sinala que constarán as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aquelas aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución deste obxectivo.

Por outra banda, as Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública e a actualización das recomendacións sanitarias ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia, sinala tamén no suposto 30.1, que as programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia e, no punto 30.2, que se incluírá o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

En virtude desta normativa tomamos as seguintes decisións:

Aprendizaxes mínimas:

As aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave serán as indicadas na programación didáctica, onde aparecen sinaladas en letra grosa: “estándares mínimos de aprendizaxe”.

Cómpre ter presente tamén o exposto no apartado referente aos contidos mínimos.

De ser necesario, a formación centrarase nestas aprendizaxes e prescindiremos doutro tipo de contidos.

Metodoloxía e recursos:

No traballo cotián nas clases presenciais farase uso das TIC, empregando as mesmas ferramentas que o alumnado deberá utilizar no caso dun escenario que requira un ensino distinto ao presencial. Preténdese así que todo o alumnado se familiarice co seu uso e poida traballar do xeito máis autónomo posíbel.

As principais ferramentas que compoñían o ecosistema dixital son:

- Edix-gal, cotovía.org, Classroom en 1º e 2º da ESO.

-Classroom e a Aula virtual 3º, 4º da ESO, 1º Bach.

-Aula virtual, Classroom. 2º Bach.

-Páxinas Web de actividades e difusión sobre distintos aspectos da materia.

-Correo electrónico corporativo do centro, a través do que, de ser necesario, se manterá a comunicación co alumnado e coas familias.

No referente aos libros de lectura, prestaranse nos meses de setembro e outubro os libros previstos para o 1º trimestre, de xeito que todo o alumnado teña a oportunidade de leros e realizar o control de lectura presencial ou de xeito telemático, de ser o caso. Poderase recorrer tamén aos libros de consulta libre na rede que indiquen os docentes.

Escenario posíbel: ensino semipresencial

No caso de darse un escenario no que sexa posible o ensino semipresencial, adicaranse as sesións presenciais a:

- Realización de probas de avaliación.
- Traballo de contidos máis dificilmente adaptables ao ensino a distancia.
- Resolución de dúbidas.

Salvo disposición regulamentaria en contrario, avanzarase no desenvolvemento da programación a través tanto das clases presenciais como dos recursos TIC anteriormente mencionados. Así pois, as probas de avaliación presenciais recollerán os aspectos novos que se traballen e estivesen programados.

Escenario posíbel: ensino a distancia.

Empregaranse as ferramentas TIC indicadas anteriormente e, de igual xeito que no caso do ensino semipresencial, salvo disposición regulamentaria en contrario, continuarase avanzando segundo o previsto na programación, atendendo especialmente ás aprendizaxes mínimas.

Escenario posíbel: Ensino presencial con alumnado confinado

O alumnado que, preventivamente, se atope confinado, deberá realizar, se o estado físico llo permite, as actividades e o seguimento da materia, que nese tempo, realicen os seus compañeiros/as de aula, coas modificacións que, no seu caso, os docentes consideren necesarias. Tales actividades e traballos serán cualificados e tidos en conta no cálculo da nota da avaliación. A comunicación con este alumnado será a empregada para o ensino non presencial.

Considérase que o alumnado confinado debe estar dispoñíbel no tempo correspondente ao horario lectivo ou previo acordo, cando o docente decida establecer o contacto. De calquera xeito, a materia impartida presencialmente será obxecto de exame e avaliación tamén para este alumnado, sen que a situación de confinamento poida ser escusa para non continuar o proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Como se indicou anteriormente, se é posíbel o ensino semipresencial, realizaranse as probas de avaliación previstas de xeito ordinario na aula (exames, controis de lectura, exposicións orais...).

No caso de ensino a distancia, a avaliación poderase realizar mediante:

Traballos que o alumnado deberá entregar de xeito telemático a través das plataformas: Classroom de Gsuite, Edixgal e a Aula virtual en 2º Bach.

-Gravacións de exposicións orais (vídeo ou audio).

-Uso da ferramenta “tarefa” da aula virtual, do Classroom ou do programa E-dixgal. Así como a través do correo electrónico. Non se descarta o emprego doutros instrumentos, como realización de probas orais ou escritas a través de vídeo-conferencias a través de Meet de Google.

O emprego destas plataformas e medios para dar resposta aos diferentes escenarios de ensino non presencial ou semipresencial, foron aprobados previamente no primeiro claustro deste curso no mes de setembro.

Unha vez iniciado o curso déronse a coñecer ao alumnado e faise uso con frecuencia destas plataformas para que se familiaricen con elas e adquiran un correcto dominio delas para, no caso de darse unha situación de ensino a distancia, poder sen dificultades continuar o proceso de aprendizaxe e un correcto seguimento do curso escolar.

No que atinxe á alumna coa materia pendente do curso anterior, seguirase o indicado na programación, plan de pendentes do centro.

Alumnado que non pode seguir o ensino telemático.

Dada a experiencia do último trimestre do curso 2019-20, cremos que todo o noso alumnado terá acceso ao ensino telemático. De calquera xeito, no caso de que algún alumno/a non contar cos recursos imprescindibles, seguirase o modelo de traballo que adopte o equipo docente ou o centro (xa que se entende que o problema afectará a todas as materias), e que poderá pasar polo envío de tarefas, desde o centro ou desde o Concello, a través do correo ordinario.

1.2 PLANS DE REFORZO E RECUPERACIÓN

As instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de EI, EP, ESO e do Bacharelato dispoñen, no seu punto segundo (Liñas xerais para o curso 2020/2021), apartado 3.3, que “para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020”

Para acadar esta finalidade, acentúase o traballo de comprensión e de expresión oral e escrita. O currículo dos niveis de 1º e 2º da ESO nesta materia, están deseñados para a adquisición e o reforzo das destrezas básicas de expresión escrita, oral e o fomento da escrita creativa. Ao longo de todo o ano traballarase especialmente estes estándares. Tamén faremos especial fincapé na adquisición do estándar da lingua, é frecuente nestes niveis que o alumnado, malia o seu coñecemento da lingua, son practicamente na súa totalidade galegofalantes. Non teñan adquirida con rigor e fluidez o estándar da lingua. Estes estándares traballáremoslos través da práctica diaria na aula e con tarefas de carácter creativo na casa.

Nos niveis de 3º e 4º da ESO, reforzaranse igualmente estas destrezas básicas, comprensión oral, escrita e práctica creativa, así como un afianzamento do coñecemento e uso do estándar da lingua. No que respecta ao apartado de literatura, o currículo destes cursos abrangue diferentes períodos da historia da literatura galega. No primeiro trimestre faremos unha revisión das etapas e autores que non se traballaron no último trimestre do curso 2019-20. Cómpre dicir que nos niveis de 1º e 2º de bacharelato retómanse eses períodos literarios traballados na segunda etapa da ESO. 1º de Bach a periodización vista en 3º da ESO, literatura medieval até os inicios do S.XX. En 2º de Bach a periodización vista en 4º da ESO, a literatura do S. XX e inicios do XXI.

Traballarase con máis frecuencia coa Aula Virtual, co Classroom e co E-dixgal e con outra páxinas, malia tratarse de ensino presencial, solicitarase o envío de tarefas por medios telemáticos, de xeito que resulte cada vez máis familiar, de cara a unha posíbel suspensión das clases presenciais.

Deseñaranse tamén plans individualizados de reforzo para o alumnado que así o precise, en particular co alumnado exento de 2ª lingua en colaboración co departamento de Orientación. Estes plans de reforzo para o alumnado que presente dificultades deseñaranse a partir dos resultados da avaliación inicial.

Departamento de lingua e literatura galega.

IES Marco do Camballón 25 de outubro de 2020